




www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-historia



Grao en Historia

www.usc.gal





Historia

O coñecemento da Historia vai máis alá da crónica de acontecementos pasados. Trátase de comprender criticamente os procesos históricos, entendendo o presente, a sociedade, a cultura, as estruturas económicas e políticas actuais como o seu produto. Como saídas profesionais destacan, entre outras, docencia, investigación, xestión cultural, arquivos, bibliotecas ou traballos arqueolóxicos.

Tipo Presencial

Área Artes e Humanidades

Centro Facultade de Xeografía e Historia
zhisdeca@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-historia

Presentación

Interuniversitario: non

Duración: 4 anos

Número de prazas: 100

Data de inicio: setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están divididos en 60 créditos de formación básica, 150 de materias obrigatorias e 30 créditos optativos, que o estudantado deberá escoller entre unha oferta de 72 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A Universidade de Santiago, e concretamente a Facultade de Xeografía e Historia, conta con acordos e convenios de intercambio con Universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (Erasmus, SICUE) e de convenios bilaterais.

Igualmente posúe máis de cen convenios asinados para que o alumnado realice Prácticas Académicas Externas nas principais institucións, empresas e centros profesionais da nosa Comunidade.

Situación e medios materiais

O Grao desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia, un edificio histórico enclavado no casco antigo compostelán, dotado con 19 aulas e 8 seminarios, un laboratorio, unha aula de cartografía, dúas aulas informáticas e un laboratorio de prehistoria. Así mesmo, a súa biblioteca ofrece un fondo amplísimo de recursos bibliográficos (preto de 134.000 monografías e máis de 3.200 publicacións periódicas).

Organización do plan de estudos

As materias ofertadas organízanse en seis módulos:

- Coñecementos Transdisciplinares.
- Teoría e Procedementos Analíticos da Historia.
- Coñecemento Xeral da Historia (cronolóxico e territorial).
- Economía, Sociedade e Institucións.
- Cultura, Ideoloxía e Institucións.
- Traballo Fin de Grao e Prácticas Externas.

Ademais, ao rematar o Grao o Departamento de Historia permite continuar os estudos en tres mestrados:

- Arqueoloxía en Ciencias da Antigüidade.
- Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.
- Historia Contemporánea.

